



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS E A FUNDACIÓN MANUEL MARÍA DE ESTUDOS GALEGOS PARA A PROMOCIÓN E REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS.

En Santiago de Compostela, a 13 de Xullo de 2010

REUNIDOS:

Dunha parte, don **Carlos Antonio Fernández Castro**, na súa condición de **Presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias** (en adiante Fegamp), en virtude do artigo 46.1.b) dos seus Estatutos.

Doutra parte dona **Saleta Goy García**, **Presidenta do padroado da Fundación “Manuel María de Estudos Galegos”**, segundo a escritura outorgada na cidade da Coruña o 20 de marzo de 2007 ante o notario D. Juan Cora Guerreiro, con número seiscentos trinta e un.

Ambas as dúas partes actúan no exercicio dos seus respectivos cargos e coa representación competencial que ostentan, e recoñécense mutuamente capacidade para se obrigaren nos termos do presente convenio.

EXPOÑEN:

Primeiro.- A Fundación Manuel María de Estudos Galegos é unha organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, que ten como obxecto xeral a conservación e difusión da obra de Manuel María e a promoción da cultura galega en xeral.

Saleta Goy



Como finalidades más específicas contempla as seguintes:

- a. Dispor dun espazo físico onde se dea acollida á biblioteca, manuscritos, obxectos persoais ou calquera outro feito relacionado con Manuel María.
- b. Preservar en boas condicións a obra, os traballos inéditos, lembranzas e documentos persoais de Manuel María que estean en poder da fundación.
- c. Promover e desenvolver estudos, investigacións e publicacións sobre Manuel María e a súa época.
- d. Promover a localización e doazón de material relacionado con Manuel María e o seu tempo, para que pasen a formar parte dos fondos da Fundación.
- e. Editar a súa obra inédita e reeditar as súas obras.
- f. Fomentar particularmente o cultivo e a extensión do xénero poético galego.
- g. Dar debida acollida e difusión a legados de persoas ou institucións vinculadas á cultura galega.
- h. Calquera outro fin relacionado ou dirixido ao mellor coñecemento e difusión da obra, personalidade e época de Manuel María

Sebastián

Segundo.- A Fegamp, ten entre os seus fins, definidos no artigo 6 dos seus Estatutos e no seu punto c): “A promoción e o desenvolvemento da cultura e lingua galega no ámbito local”

Terceiro.- Polo presente convenio establécense as condicións polas cales se rexerá este Convenio Marco entre a *Fegamp* e a *Fundación Manuel María de Estudos Galegos*, ambas as dúas partes coñecedoras da importancia que ten a colaboración mutua en materia de difusión, protección e conservación do noso patrimonio cultural.



CLÁUSULAS:

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONVENIO

Este convenio ten por obxecto a colaboración entre a *Fegamp* e a *Fundación Manuel María de Estudos galegos* para a creación dun marco de acordos de mutua colaboración entre as Entidades Locais de Galicia e a Fundación que permita por unha parte a realización de actividades nos concellos relacionadas coa promoción e desenvolvemento da cultura e lingua galega e por outra parte axudar á Fundación a realización de investimentos coa finalidade de contribuír á consecución do seu plan de actividades, entre as que figuran como máis destacables as de dotar á Fundación do inmoble no que naceu o grande persoeiro da cultura galega Manuel María, así como colaborar na rehabilitación necesaria do mesmo para que dispoña do espazo físico permanente máis axeitado e relevante, no que se expoña a obra, traballos e pertenzas do insigne escritor así como para promover a creación e a difusión da cultura galega.

De acordo co establecido no artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as razóns que acreditan o interese social da actividade así como a imposibilidade de promover a concorrencia pública veñen dadas pola importancia da figura do escritor para as letras galegas. Son arredor de trescentas publicacións non seu haber, entre elas, o primeiro libro en galego despois da Guerra Civil (*Muiñeiro de brétemas*, 1950). Manuel María é autor dunha amplísima produción creativa que abriu novos camiños na poesía e que tivo grandes acertos na narrativa, no teatro, no ensaio e nas continuas colaboracións xornalísticas nos máis diferentes medios. Distinguido con numerosos premios, entre os que destacan o "Premio Otero Pedraio", en 1999, "Celanova, casa dos poetas" en 1990, e membro da Real Academia Galega.

Francisco
Otero
Pedraio



SEGUNDA. COMPROMISOS DA FEGAMP

A Federación Galega de Municipios e Provincias comprométese a difundir, promover e potenciar o contido deste Convenio entre as Entidades Locais de Galicia, recomendando ás mesmas asinar os respectivos Protocolos de Adhesión, atendendo ao modelo incorporado no Anexo I do presente documento.

TERCEIRA. COMPROMISOS DA FUNDACIÓN

A Fundación Manuel María de Estudos Galegos comprométese a facilitar con carácter prioritario ás Entidades Locais asinantes dos respectivos Protocolos de Adhesión a este Convenio Marco, canto material dispoña sobre Manuel María sempre que estea en condicións de préstamo e, así mesmo, canto asesoramento quixer sobre a figura de Manuel María ou da cultura galega en xeral, ademais da posible realización de conferencias, exposicións ou outras actividades culturais que se concreten. Considerará, ademais, ás mesmas Entidades, en virtude do artigo 32 dos Estatutos da Fundación, *Entidades colaboradoras* por ser institucións públicas que realizaren algún tipo de contribución nas condicións que acordar o Padroado.

A sinatura do Protocolo de Adhesión a este convenio implica, de ser o caso, a autorización ao concello asinante para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómica e da Seguridade Social.

CUARTA. RÉXIME ECONÓMICO DA COLABORACIÓN

Para axuda á realización das actividades da Fundación recollidas na cláusula primeira, fíxase en cada Protocolo de Adhesión asinado polas respectivas Entidades Locais o xeito de colaboración en forma de achegamento de crédito que se elixa en cada caso entre as propostas referidas no modelo do Anexo I.



QUINTA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Aos efectos de realizar o seguimento do desenvolvemento das diferentes actuacións deste Convenio Marco, constituirase unha Comisión de Seguimento composta por dous representantes da Fegamp e dous representantes da Fundación.

Serán funcións desta Comisión, facer o seguimento das actuacións que se leven a cabo en desenvolvemento do presente Convenio de colaboración e resolver as dúbidas que se presenten na súa interpretación e execución.

A Comisión reunirse ordinariamente, cando menos, unha vez ao ano, e extraordinariamente cando as circunstancias así o demanden.

SEXTA. ENTRADA EN VIGOR E VIXENCIA

O presente convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura, renovándose anualmente de xeito automático de non mediar desconformidade dalgunha das partes.

SÉTIMA. CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Son causas de resolución anticipada deste Convenio o incumprimento dalgunha das súas cláusulas, o mutuo acordo das entidades asinantes ou a denuncia dunha das partes formulada cun aviso previo á outra con 3 MESES de antelación, manténdose os acordos sobre as actividades ou proxectos que poidan estar en marcha, todo elo sen prexuízo da vontade de continuación de colaboración particular entre unha Entidade Local asinante de Protocolo de Adhesión e a Fundación.

Sabela Bouso



E, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente Convenio, no lugar e data sinalados no encabezamento do mesmo.

A PRESIDENTA DA FUNDACIÓN
MANUEL MARÍA DE ESTUDOS
GALEGOS

Dna. Saleta Goy García

O PRESIDENTE DA FEDERACIÓN
GALEGA DE MUNICIPIOS
E PROVINCIAS

D. Carlos Antonio Fernández Castro



ANEXO I
PROTOCOLO DE ADHESIÓN

D./Dna. _____, alcalde/alcaldesa do Concello de _____, e na súa representación:

DECLARA:

Que o (órgano competente) do Concello de _____ acordou, con data _____, solicitar a adhesión ao Convenio Marco de colaboración entre a Fegamp e a Fundación Manuel María de Estudos Galegos para o que

MANIFESTA:

A vontade do (Entidade Local) de adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do Convenio mencionado, asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo e con suxeición plena a todas elas, elixindo como forma de colaboración o modelo de achega seguinte:

- COTA ANUAL DE ENTIDADE COLABORADORA DE _____ euros.
- ACHEGA ÚNICA DE _____ euros.